



**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/08/2025 11:10:40  
**Nº Rexistro: 32391**  
Data envío: 26/08/2025 11:10:40.654

Asinado o día 26/08/2025 ás 11:06  
Por Carlos López For

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As promocións de Galivivienda no barrio coruñés de Xuxán parten da cesión de 5 parcelas adxudicadas pola Xunta de Galicia, que primou sobre outros criterios, incluso sobre a calidade arquitectónica, o prazo de reversión das vivendas á Administración autonómica.

Unha vez recibidas as parcelas, a adxudicataria cedeu unha delas á Luzada. O valor total das 4 cedidas a Galivivienda ascende a 4,5 millóns de euros.

A Galivivienda correspóndelle construír 224 vivendas que poderá explotar durante 50 anos desde a adxudicación do chan, en xullo de 2023. Estas vivendas contan cunha subvención do Goberno de España, a través dos fondos do Plan de recuperación, de 10.748.754 €.

Esa subvención fixa dúas condicións: que as vivendas estean rematadas antes do 30 de xuño de 2026 e que os prezos de alugueiro sexan de 343 € para un piso dun dormitorio, 423 € para dous dormitorios e 530 € para tres.

Porén, a xestora foi modificando o plan económico para as persoas cooperativistas. Acortou a 120 cotas o prazo para a achega de capital e incrementou en 10.000 € o total a aportar, pasando de 53.000 € a 63.000 €. Isto obrigaba a pagar, durante 10 anos e ademais do alugueiro, 475 € mensuais en concepto de capital para a construción do edificio. No primeiro

Asinado o día 26/08/2025 ás 11:06  
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 26/08/2025 ás 11:05  
Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

28071 Madrid





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/08/2025 11:10:40  
**Nº Rexistro: 32391**  
Data envío: 26/08/2025 11:10:40.654

plan económico, esa mesma cantidade —descontada a achega previa á entrega de chaves (uns 13.000 €)— aboábase en 36 anos.

En total, as persoas cooperativistas acabarían pagando 63.000 € máis o seu alugueiro, o que suporía arredor de 400.000 €, sen que ao cabo de 50 anos fosen propietarias da vivenda. A cesión de dereitos de superficie revertería entón á Xunta, como propietaria do chan, incluíndo os edificios construídos.

Galivivienda e Gesviego, a xestora contratada pola adxudicataria e que teñen as mesmas persoas ao fronte, chantaxearon aos cooperativistas coa data límite do 15 agosto para que asinasen as cotas abusivas e as condicións sen concretar que lles impoñían, ou quedaban fóra.

A xestora xustificou estas condicións alegando que eran necesarias para obter financiamento do Instituto de Crédito Oficial (ICO), pero non é certo. Acudiu ao ICO só despois de ser rexeitada por entidades bancarias privadas, incluídas entidades de banca ética, onde si o conseguiu A Luzada. O ICO segue estudando a súa posible participación.

É totalmente irresponsable culpar ao ICO do plan económico-financeiro proposto pola xestora, e máis aínda, pretender modificalo sen ter garantido o financiamento.

Ademais, en abril de 2024 a xestora solicitou a licenza de obra sen aboar taxas nin avais ata marzo de 2025, é dicir, dous anos despois de adxudicárselle a cesión do chan. Polo camiño, subrogou a varias persoas cooperativistas noutra cooperativa para mellorar o seu *rating* de cara á obtención de financiamento.

O Concello da Coruña cumpriu coa aprobación das licencias en tempo e hora; o Goberno do Estado cumpriu coa Xunta: aprobou e transferiu en prazo unha subvención de 10,7 millóns de euros. Por iso, a día de hoxe, unha das

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/08/2025 11:10:40  
**Nº Rexistro: 32391**  
Data envío: 26/08/2025 11:10:40.654

principais preocupacións é que as vivendas estean rematadas antes do 30 de xuño de 2026.


En toda esta operación urbanística opaca, que provoca un prexuízo enorme ás familias afectadas, a Xunta fixo caso omiso das peticións destas, así como das do Concello e do Ministerio de Vivenda. Ademais, omitiu a súa obriga de fiscalizar o cumprimento das condicións da licitación, permitindo que se desvirtúe o carácter social desta promoción, malia os millónarios recursos públicos destinados a tal fin.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Vai a Xunta poñerse do lado das persoas cooperativistas de Xuxán, defendendo os seus dereitos fronte á xestora, en lugar de amparar a súa inacción e incumprimentos?

Parlamento de Galicia, 25 de agosto de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 26/08/2025 11:05:55

Julio Abalde Alonso na data 26/08/2025 11:06:01

Carlos López Font na data 26/08/2025 11:06:10



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/08/2025 11:10:41



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/08/2025 11:10:40  
**Nº Rexistro: 32391**  
Data envío: 26/08/2025 11:10:40.654

CSV: REXPG-4Gj\jja0K-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

